

Rosa Morán maniféstase absorta polo “lapsus” do alcalde na inauguración do cuartel, ao obviar o investimento realizado polos Gobernos socialistas

A voceira do grupo municipal considera que esta actitude foi “unha falta de respecto”, pois estas instalacións non se poderían abrir senón fose pola aportación realizada tanto polo Executivo Central, cando estivo presidido polo PSOE, como pola Deputación de Lugo

“Creo que de ben nacidos é ser agradecidos. Ninguén pode negar que todas estas aportacións supuxeron un gran impulso para o concello. A eiva do Sr. Castosa foi considerable, sobre todo, cando é coñecedor de que Cospeito recibiu, durante a etapa na que no Goberno estivemos os socialistas, máis de 1,7 millóns de euros”, afirma

Denuncia tamén a “falta de respecto institucional” cometida polo rexedor ao non convidar ao acto a ningún concelleiro da Oposición

COSPEITO, 21 DE FEBREIRO DE 2015.- O PSOE de Cospeito recoñece estar absorto polo “lapsus” do alcalde na inauguración do cuartel da Garda Civil, ao obviar o investimento realizado polos Gobernos socialistas para a posta en marcha destas instalacións. “Pensaba que o Sr. Castosa tiña máis memoria”, indica a voceira do grupo municipal –Rosa Morán–, quen considera que esta actitude foi “unha falta de respecto”, pois estas instalacións non se poderían abrir senón fose pola aportación realizada tanto polo Executivo Central, cando estivo presidido polo PSOE, como pola Deputación de Lugo. O primeiro achegou para estas dependencias 230.000 euros, a través do Plan E, e o organismo provincial asumiu o financiamento do proxecto.

“Sábemo ben tanto o rexedor como o Director Xeral da Garda Civil –Arsenio Fernández de Mesa–, por iso creo que de ben nacidos é ser agradecidos”, subraia. E é que o Ministerio de Interior tan só aportou 60.000 euros. “Ninguén pode negar que todas estas aportacións supuxeron un gran impulso para o noso concello, polo que a eiva do Sr. Castosa foi considerable, sobre todo, cando é coñecedor de que este municipio recibiu, durante a etapa na que no Goberno estivemos os socialistas, máis de 1,7 millóns de euros e de que de non ser por estas axudas, moitas obras quedarían se facer”, engade.

Concretamente, a voceira refírese ás melloras levadas a cabo nos locais sociais de Pino e Casablanca de Goá; nos alumeados públicos de Vilapene, Regueira ou Roas; na accesibilidade e servizos da Casa Consistorial; no recinto feiral de Moexmu; nas estradas de Feira do Monte a Lamas, de Arcillá a Lamas, de Roas a Xermar, e de Arneiro a Muimenta; e nos abastecementos de auga en Rubiños, Xustás, Goá e Santa Cristina.

“Foron, precisamente, os fondos que recibimos os que permitiron desbloquear subministros que levaban parados anos ou que hoxe as únicas vías municipais que teñen aglomerado en quente sexan as realizadas polos socialistas”, explica.

Tamén “falta de respecto institucional”

Asimesmo, a socialista denuncia que o rexedor tamén cometeu “outra falta de respecto institucional” ao non convidar ao acto a ningún concelleiro da Oposición. “Consideramos que se trata de algo inadmisíbel nun alcalde”, destaca. Nembargantes, a edil socialista confirma que



NOTA DE PRENSA

acudiu á celebración, primeiro, por respecto ao veciños de Cospeito e, en segundo lugar, por deferencia a unha institución como a Garda Civil.

“Para nós, a diferenza do Partido Popular, as prioridades dos cidadáns están por riba de calquera ideoloxía política, de aí que quixesemos estar con eles. Con todo, cremos que o rexedor fallou e tivo unha actitude lamentable”, conclúe a voceira do PSOE.